



CONCELLO DE MESÍA



INFORME DE VIDA LABORAL

O informe de vida laboral dun/ha traballador/a é un documento oficial no que se recollen todos os períodos que cotizou ao Sistema da Seguridade Social xa fose como asalariado/a ou como autónomo/a.

Recolle cronoloxicamente a relación de todas as empresas coas que se firmou contratos de traballo. Sinálase en cada caso a data exacta na que se dou de alta na Seguridade Social e a data na que se deu de baixa, o tipo de xornada de traballo, o grupo de cotización, ...

É o/a propio/a traballador/a quen debe solicitar o informe de vida laboral.

COMO SOLICITALO?

O informe de vida laboral xa non se entrega en man. Hai que solicitalo por Internet, teléfono ou por SMS.

> SOLICITUDE POR TELÉFONO

- 1.º Chamar ao 901 50 20 50 (Servizo automático de Información da Seguridade Social) e responder aos datos persoais que solicitan.
- 2.º Recibirá o informe de vida laboral no seu domicilio no prazo medio de 5 días.

> SOLICITUDE A TRAVÉS DE INTERNET

- 1.º Entrar na páxina web <https://sede.seg-social.gob.es>
- 2.º Seleccionar "Cidadáns"
- 2.º Seleccionar "Informes e certificados"
- 3.º Seleccionar "Informe de vida laboral"
- 4.º "Acceso ao servizo"

Neste caso existes distintas vías:

- SOLICITUDE CON CERTIFICADO DIXITAL, CON USUARIO E CONTRASEÑA OU SEN CERTIFICADO DIXITAL: Nestes casos deberá introducir os datos persoais que lle solicitan e facer clic en "enviar" e a impresión do informe de vida laboral é inmediata agás co caso de solicitalo sen certificado dixital que o recibirá no seu domicilio nun prazo medio de 5 días.
- SOLICITUDE VÍA SMS: Neste caso é imprescindible ter actualizado o número de móbil na Seguridade Social. Introdúcense os datos persoais e facer clic en "aceptar". Logo introducirase o código que recibirá no seu móbil e a impresión do informe de vida laboral é inmediata.